

Na proba máis importante da Península Ibérica van participar máis de trescentos deportistas de diferentes nacionalidades.

PRESENTACIÓN DO I DESCENSO INTERNACIONAL DE REMO DO RIBEIRO

Terá lugar o vindeiro 25 de febreiro na única pista de velocidade de Galicia situada no encoro de Castrelo de Miño.

Hoxe venres 16 de febreiro ás 13:00 horas, no Salón de Ámbito Cultural do Centro Comercial Compostela (Hipercor) tivo lugar a Presentación do "I DESCENSO Internacional de Remo do Ribeiro".

O acto estivo presidido por D. Francisco Quiroga, Presidente de AGAN (Asociación Galega de Actividades Náuticas) e Dña. Beatriz Alberte, Presidenta do Clube Náutico de Castrelo de Miño.

Logo de ver o DVD realizado para a promoción do evento en Ferias de tanta relevancia como Fitur, Francisco Quiroga procediu á presentación do I Descenso Internacional de Remo do Ribeiro.

O I Descenso Internacional de Remo do Ribeiro, programado para equipos de Remo Olímpico en categoría 4x Femenino e 8+ masculino celebrarase os días 24 e 25 de febreiro no "Encoro de Castrelo de Miño" seguindo o estilo das regatas británicas e cun percorrido de 6.500 metros dende o "Hotel Balneario Laias" ata o Club Náutico Castrelo de Miño.

Ademáis Quiroga aclarou que entre os obxectivos de este Descenso están:

- Fomentar á práctica de este deporte
- Dinamizar un territorio como é o Ribeiro con gran potencial como destino turístico.
- Potenciar a Denominación de Orixe Ribeiro
- Revitalizar o Parque Náutico de Galicia.
- E potenciar a comarca como lugar de adestramento de seleccións como está a facer Portugal.

Nesta presente edición estará a élite mundial do remo, no Descenso que está considerado como a proba máis importante da península ibérica. Hai que resaltar que esta proba é puntuable para o campionato de largo percorrido de Portugal.

O acto dará comezo o domingo 25 as 10 da mañá co izado da bandeira e a actuación da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense que para a ocasión tocará o himno do Descenso creado para a ocasión polo seu director Xose Luis Foxo.

As doce está prevista a saída da primeira tanda de 4x Femenino e unha hora máis tarde esperase a chegada do último competidor. Para que, sobre a unha e media da tarde se proceda a entrega de premios e unha nova actuación da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense.

A selección rumana de Remo chegou onte a Castrelo de Miño onde según a Presidenta do Clube Náutico, Beatriz Alberte, encargada de darlles a benvida, os rumanos disfrutaron sorprendidos da comarca. Polo que este I Descenso Internacional espera ser ademáis dun intercambio deportivo, un intercambio cultural e unha promoción a nivel internacional para o Ribeiro.